



INFORME DA PORCENTAXES DE SUPERACIÓN DE MATERIAS DO GRAO EN BIOTECNOLOXÍA DA USC

Curso Académico: 2018-2019

**Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Bioloxía o 12/02/2020
Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o 27/02/2020**

Introducción

p. 3

Resultados

p. 3

Introdución

O Grao en Biotecnoloxía da USC comezou a impartirse na Facultade de Bioloxía no curso 2018/19. Este primeiro curso accederon 50 alumnos/as con notas de corte da ABAU de 12,024 polo que se esperaba que os resultados obtidos nas distintas materias fosen entre bos e excelente.

Resultados

O promedio de alumnos/as matriculados/as que superaron as materias do primeiro curso foi do 84% e só dúas materias presentan porcentaxes de superación por debaixo do 80% (Táboa 1). As materias que presentan os mellores resultados académicos, con porcentaxe de superación do 90% ou superiores, son Matemáticas, Bioestatística e deseño experimental e Técnicas analíticas e instrumentais. O peor resultado foi o de Fundamentos de procesos biolóxicos cunha porcentaxe de superación do 68% do alumnado (Táboa 1).

Táboa 1. Resultados das materias de primeiro curso do Grao en Biotecnoloxía no curso 2018/19. Inclúe o número de alumnos NP=non presentado, SS=suspenso, AP=aprobado, NT=notable, SB=sobresaínte e MH=matrícula de honra; a porcentaxe de créditos superados e a taxa de éxito (porcentaxe de créditos superados respecto dos presentados).

Materia	NP	SS	AP	NT	SB	MH	Superados %	Taxa de éxito
Matemáticas	2	3	12	20	11	2	90.00%	93,75%%
Física	3	4	12	19	10	2	86.00%	91,49%
Química	3	7	21	16	2	1	80.00%	85,11%
Bioloxía celular	3	6	13	21	5	2	82.00%	87,23%
Bioestatística e deseño experimental	2	0	10	27	11	1	96.08%	100%
Técnicas analíticas e instrumentais	4	1	15	24	4	2	90.00%	97,83%
Bioloxía do desenvolvemento e dos tecidos	4	6	6	24	8	2	80.00%	86,96%
Fundamentos de procesos biolóxicos	8	8	14	19	1	0	68.00%	80,95%
Microbioloxía I	6	1	28	11	3	1	86.00%	97,73%
Termodinámica e cinética química	1	10	20	12	6	1	78.00%	79,59%

Como era de esperar as taxas de éxito (Táboa 1) son lixeiramente superiores xa que contabilizan a porcentaxe de créditos superados respecto dos presentados. Para intentar ver si hay diferencias importantes nas materias, na Figura 1 inclúese información sobre o alumnado que non superou as distintas materias por non presentarse ao examen ou por non superalo. En Técnicas Analíticas e en Microbioloxía I a maior parte do alumnado que non superou a materia foi porque non se presentou mentras que en Termodinámica sucede o contrario.




Figura 1. Porcentaxe do alumnado que non superou as materias do primeiro curso do grao en Biotecnoloxía no curso 2018/19, diferenciándose entre o que non a superou porque non se presentou (azul) e o que suspendeu (vermello).

Os resultados das materias mellora cando calculamos a taxa de superación tendo en conta úicamente aos estudantes que continuaron matriculados no Grao no curso 2019-2020, sendo neste caso a taxa de superación de todas as materias superior ao 85% e a media é do 95% (Figura 3).




Figura 2. Taxa de superación (en tanto por un) das materias do primeiro curso do grao en Biotecnoloxía no curso 2018/19 considerando só aos estudantes que continuaron no Grao no curso 2019-2020 (Mat=Matemáticas, Fis=Física, BioC=Biología Celular, BioE=Bioestadística e deseño experimental, T Anal=Técnicas analíticas, Bio D= Bioloxía do desenvolvemento e dos tecidos, FPBio= Fundamentos de procesos biolóxicos, MicI= Microbioloxía I, Term= Termodinámica e cinética química).